

Ola:

son Xabi, alumno de 1ºESO-B,

escribovos esta carta para tranquilizarvos un chisco. Eu, cando cheguei ao instituto, tamén tiña as mesmas preocupacións ca vós, pero agora mesmo, estou encantado e por nada me iría de aquí.

Respecto a que os maiores se meten convosco e que vos peguen, querovos dicir que en todo o tempo que levo eu aquí sinto que eles están á súa bóla, porque creo que eles teñen mellores cousas que facer que pegar a alguén.

Co tema de que vos van obrigar a tomar drogas e alcohol é totalmente mentira, xa que no instituto está terminantemente prohibido fumar ou beber alcohol; aínda que sexamos adolescentes, temos sentidiño.

O de madrugar nótase na primeira semana, pero logo nin notas esa hora de diferenza. Creo que o mellor é que na fin de semana parece que durmamos oitenta horas máis; é un gusto!

Aquí funcionase coma no colexio co tema dos partes; quero dicir que se te portas mal, hai parte; se te portas ben non hai. De feito na nosa clase só houbo un parte e foi porque pillaron a alguén xogando ao “supertux” no medio da clase.

O de que vos separen dos vosos amigos e amigas non vos debe preocupar, xa que se os teus amigos son os amigos perfectos, o van seguir sendo. Aínda que esteades en clases distintas.

Si que é verdade que os profesores son máis estritos que alí, xa que piden outro nivel que no colexio.

Realmente pónennos os deberes xustos e suficientes.

E, en conclusión, non debes de ter ningún medo.

Un saúdo.